



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000024

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e trinta e cinco minutos do día dezaseis de xullo de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 365 de data 15 de xullo/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. E asiste a interventora dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 09.07.24 (ORDINARIA).-

A tenente de alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 09.07.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

“ PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

Expte: 92/2024 Tedec 2024/U022/000004

.- Expte. de obras 92/2024. [REDACTED] representada por [REDACTED] solicita licenza para as obras de **construcción de vivanda unifamiliar aillada de planta Baixa (incluye peche frontal de parcela)**, nunha parcela situada no lugar de A Riva, 13-15 (referencia catastral nº. 15088A020001280000HP).

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico e de execución de vivanda unifamiliar aillada de planta baixa redactado polo arquitecto José Ángel Santos Ferro, achegado o 15/02/2024 e visado o 15/02/2024.

- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar illada de planta baixa, redactado polo mesmo arquitecto, achegado o 31/05/2024 e visado o 31/05/2024 que substitúe ao anterior
- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar illada de planta baixa, redactado polo mesmo arquitecto, achegado o 14/06/2024 e visado o 14/06/2024 que substitúe ao anterior .
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de José Ángel Santos Ferro, achegado o 15/02/2024 e visado polo correspondente colexio o 15/02/2024.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA E SOLO NON URBANIZABLE (Común).**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 05/07//2024 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 08/07/2024 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] a **licenza municipal de obras para a construción de vivenda unifamiliar aillada de planta baixa (incluye peche frontal de parcela)**, nunha parcela situada no lugar de A Riva, 13-15 (referencia catastral nº. 15088A020001280000HP).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto **José Ángel Santos Ferro** e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 05 de xullo de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 499,31 €, ICIO.- 2.296,86 €**

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/U022/000004).

3º.-EXPEDIENTE DE OBRAS: “REPARACIÓN E MELLORA DO FIRME DA AVENIDA DE FERROL E DA ESTRADA EN A COSTEIRA” POS + 2023. (AMPLIACIÓN DE PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA).-

“PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE DE OBRAS: “REPARACIÓN E MELLORA DO FIRME DA AVENIDA DE FERROL E DA ESTRADA EN A COSTEIRA” POS + 2023.

**Asunto: Solicitud ampliación de prazo de execución da obra
Expediente: 2023/C003/000003**

En data 12.07.24 e con núm. de rexistro 202499900001248, don Jose No Varela, actuando en representación da empresa “JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA”, NIF A-15013162, presenta escrito de petición de prórroga por prazo de 41 días para a execución da obra “Reparación e Mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira” da que dita empresa é adxudicataria.

Xustifica a súa petición debido a:

“- El Pliego de Prescripciones Técnicas Generales para obras de carreteras y puentes (PG-3) dice que “no se permitirá la puesta en obra de mezclas bituminosas cuando la temperatura ambiente a la sombra sea inferior a 5°C y cuando se produzcan precipitaciones atmosféricas”. Como se puede ver en las tablas adjuntas, aportadas por meteogalicia, en el período comprendido entre el 15 de Abril (fecha firma acta de replanteo) y el 12 de Julio ha llovido durante 41 días, por lo que no se han podido finalizar los trabajos de pavimentación en la Avenida de Ferrol.”

CONSIDERANDO que o artigo 195.2 da LCSP dispón que: “Se o atraso se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor.”

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Acceder á petición formulada e así pois, aprobar a ampliación de prazo solicitado de 41 días na execución das obras. O acta de reformulo foi celebrada en data 15.04.24 e a duración da obra de 3 MESES, a cal finaliza o 15.07.23. A nova data de remate da obra é o 25 de agosto de 2024.

Segundo.- Notificar o acordo á adxudicataria “JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA” así como ao Director da Obra, para o seu coñecemento e efectos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/C003/000003).

4º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: “SERVICIO DE ESCOLA DE MÚSICA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO” (DENEGAR PRÓRROGA DO CONTRATO).-

“- CONTRATO DO SERVICIO DE ESCOLA DE MÚSICA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

Asunto: Denegar prórroga do servizo do contrato da Escola de Música do Concello de Valdoviño.

Expediente: 2021/C004/000003

En data 22 de outubro de 2022 formalizouse o contrato de servizos “Contratación do servizo de Escola de Música do Concello de Valdoviño” a entidade ESPROADE SL, B15664816 por importe de 86.088,00 € o curso e unha duración de dous anos.

En data 5 de xullo de 2024 co número de rexistro 202499900001191 solicítase de dona Paula Vázquez Lista en representación da empresa ESPROADE SL a prórroga de dous anos (2024/2025 e 2025/2026).

Visto a intención do Concello de Valdoviño de volver a solicitar un novo contrato do Servizo de Escola de Música.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, esta Alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Denegar a prórroga solicitada do contrato de servizos “Contratación do servizo de Escola de Música do Concello de Valdoviño” pola empresa ESPROADE SL de data 5 de xullo de 2024 trala súa finalización.

Segundo.- Notificar á empresa ESPROADE SL á denegación da prórroga solicitada.

/Asinado dixitalmente polo sr alcalde na data indicada á marxe/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2021/C004/000003).

-FORA DA ORDE DO DIA.-

Despois de sometida e ratificada pola Xunta de Goberno a urxenza do asunto que de seguido se especifica, en base a evitar demoras na tramitación do expediente, inclúese fóra da Orde do Día.

.-APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTUAS Nº F/2024/20.-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/20.

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/20 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 11 facturas ascende á cantidade de CENTO CINCUENTA MIL SETECENTOS CATRO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (150.704,88 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2024/20 por importe bruto de 150.704,88 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000108).

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Tenente- Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e cincuenta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/